

solidar as relacións do ámbito docente e cultural co seu contorno económico e social, colaborando con tal propósito na busca do primeiro emprego por medio de acordos con empresas e institucións.

4. O padroado da fundación estará integrado por Jerónimo Martínez Franco como presidente, Santiago Fernández Fernández como vicepresidente, José Manuel Carrasco Pascual como secretario e por Avelino García Ferradal e Lisardo Paradelo Álvarez como vogais.

5. A comisión integrada polos secretarios xerais de todas as consellerías elévalle ao conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública proposta de clasificación como de interese docente da *Fundación Valle del Sil*, dado o seu obxecto e finalidade, polo que, véndose cumpridos os requisitos exixidos na Lei 7/1983, do 22 de xuño, e na Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da lei anterior, de réxime das fundacións de interese galego, e segundo establece o artigo 32.1º e 2º do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, procede a súa clasificación como de interese docente e á súa adscrición á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Fundamentos de dereito:

1. O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei, e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia outórgalle competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

2. De acordo co disposto no artigo 32.2º c) do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, correspóndelle a esta consellería a clasificación da fundación e a adscrición á consellería correspondente, quen exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

3. Á vista do que antecede, pódense considerar cumpridas as finalidades tanto legais como regulamentarias establecidas para o caso, de acordo coa proposta realizada pola Comisión de Secretarios Xerais na súa reunión do día 26 de xaneiro de 2005.

Vista a Constitución española de 1978, o Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril); a Lei 7/1983, do 22 de xuño, e na Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da anterior, de réxime das fundacións de interese galego, así como as demais normas de desenvolvemento e de xeral aplicación.

Na súa virtude,

DISPOÑO:

Clasificar como de interese docente a *Fundación Valle del Sil*, adscribíndoa á Consellería de Edu-

cación e Ordenación Universitaria que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2005.

Jaime Pita Varela

Conselleiro da Presidencia, Relacións
Institucionais e Administración Pública

Orde do 1 de febreiro de 2005 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para actividades formativas e de sensibilización que desenvolverán as organizacións non gobernamentais de cooperación para o desenvolvemento e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2005.

As políticas de cooperación ao desenvolvemento humano orientadas a unha real superación da pobreza precisan de iniciativas universais de promoción da solidariedade. Á cooperación internacional propia dos distintos gobernos nacionais únese tamén a vontade de cooperación que xorde de forma descentralizada nas comunidades autónomas e noutras administracións territoriais, así como en institucións ou axentes sociais e económicos diversos que senten como un deber ético común o compromiso de traballar pola mellora das condicións de vida dos pobos máis necesitados da comunidade internacional.

A política de cooperación ao desenvolvemento que realiza a nosa Comunidade Autónoma experimenta unha evolución positiva nos últimos anos, tanto no relativo a medios e instrumentos financeiros como á extensión da cobertura xeográfica que abrangue, prestándose unha especial atención á cooperación que se realiza cos países latinoamericanos.

Coa aprobación polo Parlamento de Galicia da Lei 3/2003, de 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento a Comunidade Autónoma de Galicia reafirma este compromiso e asume como propia a responsabilidade de cooperar con outros países para propiciar o seu desenvolvemento integral, contribuír á mellora das condicións de vida dos seus habitantes e aliviar e corrixir as situacións de pobreza e propiciar un desenvolvemento humano solidario e estable, que inclúa maiores cotas de liberdade e unha repartición máis xusta dos froitos do crecemento económico.

Un dos obxectivos desta lei é impulsar e promover a participación social e cidadá nas accións de cooperación para o desenvolvemento así como fomentar a educación para o desenvolvemento e a sensibilización da sociedade galega nas realidades dos pobos máis desfavorecidos, potenciando unha ética asentada en valores humanistas, de convivencia pacífica, tolerancia e igualdade entre as persoas.

As prioridades enunciadas pola lei en sensibilización e educación para o desenvolvemento perseguen a concienciación da opinión pública nesta materia, a difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países menos desenvolvidos, o fomento da investigación sobre as causas

do desenvolvemento e a potenciación dos axentes de cooperación de Galicia.

Pola súa parte, entre os axentes de cooperación recoñecidos pola Lei gozan de especial relevancia as organizacións non gobernamentais que se constitúen como interlocutores permanentes da Xunta de Galicia.

Velaí, que procede establecer as bases que regulen o réxime de concesión de subvencións con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para actividades formativas e de sensibilización que desenvolverán as organizacións non gobernamentais de cooperación para o desenvolvemento.

Pola súa vez, procede aprobar a convocatoria da concesión de subvencións con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005 de acordo coas bases reguladoras que se aproban e que garanten os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

En atención a estes principios e obxectivos e para procurar a normalización e simplificación dos procedementos,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Aprobar as bases reguladoras, que se xuntan como anexo desta orde, para a concesión de subvencións para actividades formativas e de sensibilización que desenvolverán as organizacións non gobernamentais de cooperación para o desenvolvemento.

2. Convocar as subvencións con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2005 de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo desta orde, que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 04.03.213B.480.1, dotándoa cun importe máximo de 225.000 euros.

Disposición adicional

Deléganse no secretario xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior as atribucións para a resolución dos procedementos de concesión, de revogación e reintegro das subvencións, de modificación destas, e dos sancionadores que procedan, de ser o caso, excepto cando a competencia resida no Consello da Xunta de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o secretario xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior para ditar cantas disposicións e instrucións sexan precisas para o mellor desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2005.

Jaime Pita Varela
Conselleiro da Presidencia, Relacións
Institucionais e Administración Pública

ANEXO

Bases reguladoras da concesión de subvencións a organizacións non gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento para levar a cabo actividades de formación e sensibilización.

Artigo 1º.-Obxecto.

Estas bases teñen como obxecto a regulación da concesión de subvencións a organizacións non gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento para actividades de formación e sensibilización en Galicia.

Artigo 2º.-Solicitudes.

As solicitudes dirixiranse ao secretario xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior (rúa dos Feáns, 5 baixo, 15706 Santiago de Compostela), cubertas no modelo que figura como anexo I destas bases reguladoras, por calquera dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Artigo 3º.-Requisitos que deben reunir os beneficiarios/as e requisitos dos proxectos.

3.1. Requisitos que deben reunir as entidades solicitantes:

a) Estar inscrita no Rexistro Galego de Organizacións non Governamentais de Cooperación ao desenvolvemento creado pola orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública (agora Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública) do 4 de abril de 1994 cunha antigüidade de polo menos un ano.

b) Carecer de ánimo de lucro.

c) Ter domicilio social en Galicia ou contar con delegación permanente en Galicia. Neste último suposto, esta asumirá a responsabilidade directa na presentación da solicitude e comprométese ao mantemento da documentación, contabilidade e coxestión do proxecto na súa oficina de Galicia, entendendo por esta a participación, polo menos, na formulación e xestión da actividade.

d) Ter xustificado, se é o caso, e antes da fin do prazo de solicitude desta convocatoria, as axudas recibidas por parte da Xunta a outros proxectos en materia de cooperación ao desenvolvemento subvencionados anteriormente. Así mesmo é necesario que se efectuase o correspondente ingreso, nos casos en que sobre os beneficiarios/as de axudas económicas recaese resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.

e) Non estar inhabilitadas, administrativa ou xudicialmente, para obter axudas.

f) Estar ao día nas súas obrigas tributarias, sociais e fiscais e non estar incurso en procedemento ningún de reintegro ou sancionador coa Xunta de Galicia sobre axudas da mesma natureza, así como non manter ningunha débeda por calquera concepto coa Facenda autonómica.

Tamén poderán acceder ás subvencións os proxectos presentados por varias ONGD que cumprindo

os requisitos anteriores se presenten agrupadas. Neste caso, cada unha das entidades asociadas deberá cumprir os requisitos sinalados anteriormente.

3.2. Requisitos dos proxectos.

a) Que non estean iniciados na data de presentación da solicitude e que se executen antes do 30 de novembro do ano en que se conceda a subvención.

b) Que se leven a cabo no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Que a súa dirección, coordinación e control sexan exercidos directamente pola entidade solicitante.

d) Que sexan viables e que se acheguen especificacións técnicas ou financeiras suficientes.

e) Que fagan referencia á participación das persoas destinatarias directas.

f) Que non sexan dirixidas exclusivamente aos membros da propia organización.

Artigo 4º.-Documentación.

4.1. Solicitude de subvención no modelo que figura como anexo I destas bases reguladoras.

4.2. A citada solicitude irá acompañada da seguinte documentación, que será presentada por duplicado e se é posible, ademais, o formulario en disquete ou CD:

Carpeta 1: Información relativa á ONGD solicitante.

a) Documento acreditativo da representación da persoa asinante da solicitude e copia compulsada do DNI da persoa que formula a solicitude.

b) Documentación acreditativa de dispoñer de sede central ou delegación permanente na Comunidade Autónoma.

c) NIF compulsado da entidade.

d) Organigrama e estrutura organizativa da ONGD en Galicia.

e) Memoria da organización en que se inclúan as actividades formativas e de sensibilización levadas a cabo no ano anterior ao da convocatoria.

f) Declaración doutras axudas solicitadas a outras entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.

g) No caso de que a ONGD presentase a documentación requirida ou parte á convocatoria de axudas de anos anteriores e esta non sufrise modificacións, terá que presentar unha declaración de que non se produciron aquelas e, de ser o caso, a documentación modificada.

h) Declaración xurada facendo constar que a entidade solicitante non está incurso en procedemento ningún de reintegro ou sancionador coa Xunta de Galicia por incumprimento das obrigas derivadas da recepción de subvencións e non foi inhabilitada para recibilas, segundo o modelo que figura como anexo II.

i) Certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social acreditativas de estar ao día das obrigas tributarias e sociais e certificación da Consellería de

Economía e Facenda da Comunidade Autónoma de non ter ningunha débeda por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

j) Cando varios solicitantes se asocien en consorcio para a realización dun proxecto, deberase achegar á solicitude contrato ou convenio de colaboración asinado entre os seus representantes legais polo que se obrigan solidariamente ante a Xunta de Galicia polas posibles responsabilidades derivadas da execución do proxecto e, se é o caso, ao reintegro total ou parcial das subvencións nos supostos de falsidade ou ocultación de datos ou incumprimento pleno ou parcial dos fins para os que se concedeu a subvención; neste documento designarán un representante legal e un enderezo único para efectos de notificacións. Asemade, deberán detallar as actuacións en que colaboran conxuntamente e o grao de participación de cada unha delas no que se refire ao seu financiamento, actividades que se van desenvolver e a distribución da subvención prevista, de ser o caso.

Carpeta 2: Información sobre o proxecto de sensibilización social e/ou formativo.

A información sobre o proxecto presentarase no formulario facilitado por medio de correo electrónico polo órgano xestor. O formulario solicitarase no seguinte enderezo: cooperacionexterior@xunta.es

4.3. A falta de documentación e de información nalgunha das carpetas e das xustificacións das ditas faltas, impedirán a avaliación do proxecto, se non tivo lugar a súa reparación dentro dos prazos establecidos.

Artigo 5º.-Prazo de presentación.

As solicitudes poderán presentarse no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao de publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 6º.-Instrución, prazo de resolución, criterios de valoración, condicións de financiamento, gastos subvencionables e valoración.

6.1. A instrución do procedemento corresponderá á subdirección xeral competente en materia de cooperación para o desenvolvemento. Unha vez recibidas e examinadas as solicitudes, se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos sinalados ou carece de falta de documentación, requirirase ao interesado para que, no prazo de dez días, repare a falta ou presente os documentos preceptivos, coa indicación de que se así non o fixese, se lle terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

6.2. O prazo de resolución e notificación será de tres meses. De non notificarse resolución expresa neste prazo as solicitudes poderán entenderse desestimadas.

6.3. Os criterios de valoración ordenaranse de acordo coas seguintes prioridades:

1. Que potencien as seguintes accións:

a) Fomento na sociedade galega, especialmente entre os mozos/as, dos valores da solidariedade e

da cooperación ao desenvolvemento e proxectos que se realizarán en centros escolares.

b) Coñecemento da realidade dos países máis desfavorecidos e das causas que xeran a pobreza.

c) Divulgación entre a sociedade galega dos proxectos de cooperación executados nos países máis desfavorecidos.

d) Fomento da formación e capacitación de voluntarios e profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia para o traballo especializado no ámbito da solidariedade e da cooperación ao desenvolvemento.

e) Proxectos nos cales o seu soporte e difusión estean baseados na utilización de novas tecnoloxías.

f) Consideración e impulso do enfoque de xénero na formulación, execución e avaliación das accións.

g) Accións que difundan a situación nos países en vías de desenvolvemento dos sectores máis vulnerables da poboación, en particular, infancia e xuventude, mulleres, comunidades indíxenas, refuxiados, e desprazados.

h) Accións que permitan a participación activa dos cidadáns ou colectivos destinatarios.

i) Accións que promovan e difundan os valores ambientais dos países en vías de desenvolvemento, a súa conservación e mellora.

2. Outras prioridades:

-Proxectos que sexan presentados por un consorcio de entidades.

-Proxectos que teñan unha elevada porcentaxe de financiamento da entidade solicitante ou doutras entidades.

-Actividades que teñan un maior grao de implicación dos destinatarios/as tanto na súa formulación como na súa execución.

6.4. Condicións de cofinanciamento.

A Xunta de Galicia poderá financiar ata un 90% do orzamento total do proxecto, non superando en ningún caso a subvención concedida os 15.000 euros. Nos proxectos presentados por varias entidades a cantidade concedida non superará os 21.000 euros.

6.5. Subvencionaranse os gastos seguintes:

a) Gastos de locais (non se inclúen os que correspondan á sede da propia organización) para impartir a formación, incluídos os de subministración.

b) Axudas de custo e gastos de desprazamento do profesorado e, cando resulte imprescindible, as remuneracións a conferenciantes, monitores ou profesores.

c) Gastos de publicidade da convocatoria da actividade.

d) Gastos propios da actividade formativa ou de sensibilización (non se inclúen os de adquisición de bens inventariables).

e) Outros gastos que figuren no orzamento da entidade solicitante asociados á administración, xestión, supervisión, difusión e sensibilización social da

acción, non podendo exceder estes do 10% do importe total da subvención solicitada á Xunta de Galicia.

6.6. Valoración das solicitudes.

1. As actividades que cumpran os requisitos sinalados nestas bases reguladoras serán avaliadas tendo en conta os seguintes criterios:

I. Aspectos relacionados coa entidade solicitante: 30 puntos.

-Experiencia e traxectoria da entidade en accións de formación para o desenvolvemento e sensibilización social relevante e suficientemente descrita na solicitude, para os obxectivos e características do proxecto. Máximo: 6 puntos.

-Experiencia en accións de cooperación para o desenvolvemento relevante e suficientemente descrita na solicitude, para os obxectivos e características do proxecto. Máximo: 6 puntos.

-Capacidade de xestión e recursos humanos, técnicos e económicos de que dispón a entidade para o desenvolvemento do proxecto. Máximo: 6 puntos.

-Achega financeira da ONGD ao proxecto. Máximo 6 puntos.

-Outras accións de sensibilización e formación financiadas pola Comunidade Autónoma de Galicia. Máximo: 6 puntos.

II. Aspectos relacionados co proxecto de actividades: ata 60 puntos.

-Contexto do proxecto: antecedentes e xustificación do proxecto en función do lugar/es de realización e o público obxectivo, descritos suficientemente na solicitude para os obxectivos e características do proxecto. Máximo 6 puntos.

-Accións vinculadas aos proxectos de desenvolvemento que presentase a entidade solicitante. Máximo de 6 puntos.

-Coherencia das partidas orzamentarias cos obxectivos do proxecto. Máximo: 6 puntos.

-Contido da acción segundo os criterios seguintes. Máximo: 6 puntos.

a) Fomento na sociedade galega dos valores da solidariedade e da cooperación ao desenvolvemento.

b) Coñecemento da realidade dos países máis desfavorecidos e das causas que xeran a pobreza.

c) Fomento da formación e capacitación de voluntarios e profesionais galegos en materia de cooperación ao desenvolvemento.

d) Accións que difundan a situación nos países máis desfavorecidos dos sectores máis vulnerables da poboación, en particular, infancia e xuventude, mulleres, comunidades indíxenas, refuxiados, e desprazados, así como accións que promovan e difundan os valores ambientais, a súa conservación e mellora.

-Seguimento e avaliación previstos (internos e externos). Máximo: 6 puntos.

-Carácter técnico e multidisciplinar do equipo formador e do programa que se vaia impartir así como o seu contido teórico e práctico. Máximo: 6 puntos.

-O pagamento de matrícula ou dereitos de formación que terán que achegar os participantes e previsión, se for o caso, de bolsas de participación por parte da organización. Máximo: 6 puntos.

-Incidencia prevista das actividades: número de persoas ás que se dirixe e a súa pertenza aos colectivos prioritarios (nenos/as, mozos/as, profesorado de todos os niveis educativos e/ou monitores de tempo libre para mozos/as). Máximo: 6 puntos.

-Proxectos en que o soporte e difusión estean baseados na utilización de novas tecnoloxías e/ou conte con materiais pedagóxicos ou de sensibilización innovadores. Máximo 6 puntos.

-Promoción da igualdade entre mulleres e homes e dos valores do ambiente, a súa conservación e mellora. Máximo: 6 puntos.

III.-Presentación do proxecto en consorcio con outras ONGD ou institucións. Máximo: 10 puntos.

2. Será necesario acadar unha puntuación do 65% nas dúas primeiras epígrafes para superar a fase de valoración.

3. Para unha mellor valoración deles poderán solicitarse previamente á resolución os informes técnicos que se estimen oportunos da Comisión Técnica Asesora de Actividades de Desenvolvemento. Estes informes non terán carácter vinculante.

A Comisión Técnica Asesora de Actividades de desenvolvemento estará integrada por cinco vogais nomeados pola Coordinadora Galega de ONGD.

Artigo 7º.-Resolución.

Á vista dos expedientes instruídos e do resultado da valoración dos proxectos, o instrutor elevará proposta de resolución ao conselleiro competente en materia de cooperación para o desenvolvemento, que resolverá.

Artigo 8º.-Compatibilidade de subvencións.

As subvencións serán compatibles con calquera outra procedente doutras administracións públicas, organizacións internacionais, entidades privadas ou doazóns de particulares.

Artigo 9º.-Publicidade da concesión das subvencións.

Unha vez ultimada a concesión de axudas, publicarse no *Diario Oficial de Galicia* a relación das concedidas con indicación da entidade beneficiaria, contía, proxecto e finalidade.

Artigo 10º.-Aceptación da subvención e compromiso de cofinanciamento.

Unha vez notificada a concesión da axuda a entidade beneficiaria deberá presentar, nun prazo máximo de 15 días naturais, declaración por escrito da aceptación da axuda en que conste o seu compromiso de achegar directamente ou cubrir con outras achegas a diferenza entre o custo total do proxecto e a contía da subvención finalmente concedida. Neste escrito poderá solicitar o pagamento do anticipo cos requisitos establecidos no artigo seguinte. Igualmente deberán confirmar, se é o caso, que as subvencións solicitadas a outras institucións xa foron concedidas, ou ben que se compromete a financiar as cantidades adicionais que correspondan.

De non ser así, a entidade beneficiaria poderá, dentro do mesmo prazo, renunciar á axuda ou, sempre que tecnicamente fose posible e sen que se altere a finalidade do proxecto aprobado, presentar unha reformulación económica deste, que será obxecto dunha nova valoración. Se non se presenta no dito prazo ningunha comunicación, entenderase que a entidade beneficiaria renuncia á subvención concedida, procedéndose ao seu arquivo.

No caso de reformulación do proxecto o centro directivo con competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento ditará nova resolución, que será notificada á entidade no prazo dun mes.

De se produciren renuncias ás subvencións ou revogacións das axudas o importe dela poderá destinarse a incrementar a axuda inicialmente concedida a outros proxectos ou ben a subvencionar os que, reunindo os requisitos destas bases reguladoras, e inicialmente non subvencionados, fosen mellor valorados.

Artigo 11º.-Anticipos e pagamentos.

1. Con base no artigo 29.5ª da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, e en atención á coherencia co obxecto e finalidade das subvencións, unha vez concedidas aboarase o oitenta por cento das súas contías outorgadas en concepto de anticipo.

2. Para tal efecto, as entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación:

a) Solicitude de libramento do anticipo.

b) Certificación de inicio das actividades expedida polo responsable da entidade beneficiaria.

c) Declaración complementaria e actualizada das axudas e subvencións recibidas e/ou concedidas para este proxecto.

d) Orixinal ou fotocopia compulsada dos certificados da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesouraría da Seguridade Social acreditativas de estar ao día das obrigas tributarias e sociais e certificación da Consellería de Economía e Facenda da Comunidade Autónoma de non ter ningunha débeda por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

e) Certificación da entidade financeira da conta bancaria onde se deben efectuar os ingresos. Nesta conta terán o seu destino todos os pagamentos que se realicen con cargo ao cofinanciamento da consellería competente en materia de cooperación para o desenvolvemento.

3. O 20% restante da subvención concedida librase coa súa completa xustificación de acordo coas previsións do artigo 12º destas bases reguladoras.

Non obstante, os beneficiarios/as deberán acreditar, con carácter previo a este último pagamento, que se atopan ao día das obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Facenda autonómica, máis unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para o mesmo proxecto, tanto as

aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución.

Artigo 12º.-Prazo e forma de xustificación das subvencións outorgadas.

1. As subvencións concedidas terán que xustificarse antes do día 15 de decembro do ano en curso.

2. A entidade beneficiaria xustificará o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a subvención mediante a presentación dun informe final comprensivo dos seguintes documentos:

a) Certificación do representante da entidade solicitante acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos ao fin destinado.

b) Un informe de execución sobre os obxectivos, actividades e resultados acadados coa execución do proxecto e que deberá estar asinado polo responsable da xestión técnica-económica do proxecto.

c) Un informe financeiro final desagregado por conceptos de gastos aprobados, debendo constar:

1. Certificación dos gastos co importe total do proxecto por partidas orzamentarias e no cal se indiquen as distintas fontes de financiamento, asinado polo representante da entidade beneficiaria.

2. Relación de facturas que se achegan coa indicación do seu importe.

3. Facturas que soporten a relación anterior. Presentaranse orixinais de todas as facturas que se paguen con cargo ao orzamento total do proxecto, que unha vez comprobadas serán devoltas de oficio.

4. Relación de persoal contratado e voluntario da entidade solicitante que participaron na execución do proxecto.

5. Informe e documentación xustificativa da contía dos gastos indirectos que se imputan ao proxecto.

Artigo 13º.-Seguimento, control das actividades e outras obrigas dos beneficiarios/as.

1. As entidades beneficiarias de axudas deberán informar de xeito inmediato ao centro directivo con competencias en materia de cooperación exterior sobre calquera acontecemento que altere ou dificulte notoriamente o adecuado desenvolvemento do proxecto subvencionado.

2. A xestión dos proxectos poderá ser examinada durante a súa execución e unha vez finalizada por representantes do centro directivo con competencias en materia de cooperación exterior, para o que a entidade beneficiaria facilitará o acceso ás contas e documentos xustificativos.

3. As entidades beneficiarias obríganse a facilitar ao órgano xestor toda canta información lles sexa requirida respecto dos proxectos subvencionados.

4. Así mesmo, as entidades beneficiarias obríganse a incorporar de xeito visible en todas as accións derivadas do proxecto subvencionado (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade, etc.) o logotipo oficial da cooperación galega, todo iso en formato duradeiro e material resistente, para a debida difusión da orixe da sub-

vención. Cando a organización financiada exhiba o seu propio logotipo, o da cooperación galega deberá figurar co mesmo tamaño e en iguais condicións de seguridade. O logotipo será facilitado polo órgano xestor.

Artigo 14º.-Reintegro por incumprimentos.

Os beneficiarios/as que incorresen en falsidade ou ocultación de datos ou non acreditasen, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberán proceder ao reintegro da súa totalidade en caso de incumprimento pleno ou a parte proporcional no caso dunha parcial falta de xustificación, sen prexuízo da existencia das responsabilidades, administrativas ou penais, a que proceda.

Así mesmo, os beneficiarios/as deberán reintegrar as subvencións nos demais supostos de reintegro previstos nestas bases reguladoras.

Artigo 15º.-Información aos órganos fiscalizadores.

Os beneficiarios/as estarán obrigados/as a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Xunta de Galicia, o Tribunal de Contas español e o Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Artigo 16º.-Modificación das condicións.

Precisarase autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte os seus obxectivos, beneficiarios/as, lugar, prazo de execución ou variación do custo total do proxecto ou das partidas orzamentarias de máis dun 20% do inicialmente aprobado. As solicitudes de modificacións substanciais do proxecto deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao centro directivo con competencias en materia de cooperación exterior, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.

Artigo 17º.-Recursos.

As resolucións expresas ou presuntas recaídas na aplicación do disposto nestas bases reguladoras esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer os seguintes recursos:

a) Potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da correspondente notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produzan os efectos de silencio, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

b) Directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente desa orde, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da correspondente notificación, ou no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se producise o acto presunto.

DOCUMENTACIÓN

CARPETA 1.- ONGD SOLICITANTE

- A) DOCUMENTO ACREDITATIVO DA REPRESENTACIÓN E NIF COMPULSADO DA PERSOA QUE FORMULA A SOLICITUDE.
- B) DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE DISPOR DE SEDE CENTRAL OU DELEGACIÓN PERMANENTE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA.
- C) NIF COMPULSADO DA ENTIDADE.
- D) ORGANIGRAMA E ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DA ONGD EN GALICIA.
- E) MEMORIA DA ORGANIZACIÓN EN QUE SE INCLÚAN AS ACTIVIDADES FORMATIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN LEVADOS A CABO NO ANO ANTERIOR.
- F) DECLARACIÓN DAS OUTRAS AXUDAS SOLICITADAS DE ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS PARA A MESMA FINALIDADE.
- G) NO CASO DE QUE A DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA SE PRESENTASE NOUTRAS CONVOCATORIAS DE ANOS ANTERIORES, DECLARACIÓN DE QUE NON SE PRODUCIRON MODIFICACIÓNS NELA.
- H) DECLARACIÓN XURADA DE NON ESTAR INCURSA EN NINGÚN PROCEDEMENTO DE REINTEGRO OU SANCIONADOR COA XUNTA DE GALICIA.
- I) CERTIFICACIÓNS DA AXENCIA TRIBUTARIA, SEGURIDADE SOCIAL DE ESTAR AO DÍA NAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS E CERTIFICACIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA DE NON TER DÉBEDAS.
- J) CANDO VARIAS ONGDS SE AGRUPEN EN CONSORCIO, CONTRATO OU ACORDO DE COLABORACIÓN ASINADO ENTRE OS REPRESENTANTES LEGAIS POLO QUE SE OBRIGAN SOLIDARIAMENTE.

CARPETA 2.- PROXECTO DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL E/OU FORMATIVO

- FORMULARIO DE IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 1 de febreiro de 2005 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para actividades formativas e de sensibilización que desenvolverán as organizacións non gobernamentais de cooperación para o desenvolvemento e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2005.

SINATURA DO SOLICITANTE (RESPONSABLE ONGD EN GALICIA)

_____, de _____ de _____

Secretario xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	
Nº EXPEDIENTES _____	DATA DE ENTRADA ___/___/___
REQUERIDO	
DATA ___/___/___	AVISO RECEPCIÓN ___/___/___
RECIBIDO ___/___/___	
VALORACIÓN	
DATA ___/___/___	PUNTUACIÓN _____
SUBVENCIONADO	
€ _____	% TOTAL _____
RESOLUCIÓN	
DATA ___/___/___	AVISO RECEPCIÓN ___/___/___
ACEPTACIÓN	
<input type="checkbox"/> SI DATA ___/___/___	<input type="checkbox"/> NON
REFORMULACIÓN	
<input type="checkbox"/> DATA ___/___/___	

ANEXO II

Declaración xurada

D. ..., con DNI ..., en representación da entidade ... declara, para os efectos do previsto no artigo 4º, número 4.2 carpeta 1 da Orde do ... de ... de 2005 pola que se aproban as bases reguladoras de concesión de subvencións para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior por organizacións non gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2005, que a citada entidade non foi sancionada coa inhabilitación para obter subvencións públicas.

..., ... de ... de 2005.

(Sinatura)

SECRETARIO XERAL DE RELACIÓNS COA UNIÓN EUROPEA E COOPERACIÓN EXTERIOR

Resolución conxunta do 20 de decembro de 2004, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa e do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se resolve a concesión de premios á innovación educativa sobre as enerxías renovables en Galicia.

A Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa e o Instituto Enerxético de Galicia convocaron por Resolución conxunta do 19 de novembro de 2003 (DOG do 30 de decembro) premios á innovación educativa sobre as enerxías renovables en Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 7 da devandita resolución conxunta, o día 29 de xuño de 2004 constituíuse o xurado encargado de avaliar os traballos presentados, procedendo á súa valoración e levantándose na mesma data acta da proposta para a súa aprobación e publicación no *Diario Oficial de Galicia*.